

**GUÍA DOCENTE DE IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO I-II****ENSINANZAS SUPERIORES DE MÚSICA**

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO DECRETO 163/2015, DO 29 DE OUTUBRO)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN									
DISCIPLINA: IMPROVISACIÓN E ACOMPAÑAMENTO I-II									
ESPECIALIDADE	Interpretación				ITINERARIO			Guitarra	
CARÁCTER	Obrigatoria				TIPO DE CLASE			Colectiva	
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	DEPARTAMENTO				
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:
ECTS/CUAD.	3	3							1h.
									Observacións:

2. DESCRIPTOR E COMPETENCIAS	
DESCRIPTOR:	Desenvolvemento progresivo da improvisación aplicada á guitarra. Principios xerais para desenvolver a capacidade creativa. Tipos de improvisación libre e condicionada. Aplicación da improvisación á práctica do acompañamento.
COÑECEMENTOS PREVIOS:	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior. Para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS:	A principal sinerxia vai xurdir coa materia do Instrumento Principal pola necesidade técnica e o seu desenvolvemento.
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	T1, T9
COMPETENCIAS XERAIS:	X2, X4, X6, X7, X13, X17, X21, X22, X26
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9
Ver a listaxe de competencias e a súa descrición no Decreto 163/2015, do 29 de outubro.	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Desenvolver a creatividade e o gusto musical a partires do coñecemento e a práctica de técnicas improvisatorias a solo ou en conxunto.	Todas
Realizar a análise harmónica á guitarra, reducindo a textura polifónica ao seu esquema estrutural básico. Realizar á guitarra progresións harmónicas tonais en americano.	Todas
Adestrar a capacidade de acompañar melodías tonais, a través da análise dos elementos formais e da improvisación de patróns rítmicos sobre a estrutura harmónica implícita.	Todas
Acadar unha relación natural co instrumento, ao desenvolver tipos de memoria diferentes aos empregados habitualmente na interpretación.	Todas
Motivar ao alumno para que desenvolva as capacidades de observación, análise e investigación no estudo.	Todas

4. CONTIDOS.
<p>Harmonía:</p> <p>Tonalidades: modos e escalas maiores e menores.</p> <p>Formación de acordes: tríadas e cuatríadas.</p> <p>Tensións e notas a evitar.</p> <p>Cifrado americano.</p>



Acompañamento:

Cuatríadas na guitarra: disposicións (drop-2 e drop-3)

Progresións, cadencias e condución de voces.

Realización de baixos improvisados.

Ritmos (swing, bossa-nova, rumba, bolero)

Improvisación:

Arpexios

Escalas (maiores, menores, modos gregos, pentatónicas, permutacións, etc)

Superposición de tríadas e substitución harmónica.

Embelecemento da melodía.

Licks e frases recorrentes.

5. METODOLOXÍA , ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	CUALIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Clases prácticas	Presenciais	Todo o cuatrimestre
Exame	Presenciais	Ao final do cuatrimestre
Titorías	Presenciais	Esporádicamente
Traballo persoal	Non presenciais	Todo o cuatrimestre

6. AVALIACIÓN

A ensinanza é de carácter presencial e de asistencia obrigatoria. A avaliación é continua e o alumno/a disporá de dúas convocatorias por cuatrimestre, cada unha delas correspondente ordinaria e extraordinaria.

No caso da perda de avaliación continua, pola acumulación dun determinado número de faltas, segundo o protocolo aprobado polo centro, o alumno/a deberá realizar as probas correspondentes á “avaliación alternativa” e que son especificadas para tal fin na programación correspondente.

**Consultar os criterios de avaliación, ferramentas de avaliación e ponderacións nas programacións dos diferentes cuatrimestres.*